

PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Concello de Cedeira 2023 - 2028



Maio 2023

Asistencia técnica: Tania Merelas Iglesias

Supervisión e coordinación técnica: Concellería de Turismo, Participación Cidadá e Xuventude

Financia: Concello de Cedeira

ÍNDICE

1.	MARCO NORMATIVO.....	1
2.	PRINCIPIOS.....	3
3.	METODOLOXÍA.....	4
3.1.	DIFUSIÓN DO PROCESO DE PLANIFICACIÓN.....	6
3.2.	OBRADOIROS COAS NENAS, COS NENOS E ADOLESCENTES.....	6
3.3.	MESAS DE TRABALLO CON AXENTES LOCAIS E PERSOAL POLÍTICO E TÉCNICO.....	7
4.	PLANIFICACIÓN.....	8
4.1.	Obxectivos.....	8
4.2.	Eixos de traballo.....	8
	EIXO 1. DEREITOS DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA.....	9
	EIXO 3. RECURSOS E SERVIZOS ESENCIAIS.....	16
	EIXO 4. GARANTIR UN ENTORNO PROTECTOR, SEGURO E LIMPO.....	19
	EIXO 5. XOGO, CULTURA E DEPORTE.....	27
5.	AVALIACIÓN.....	36

1. MARCO NORMATIVO

O 6 de decembro de 1990 España ratificou a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno¹, promulgada o 20 de novembro de 1989. Este documento, elaborado durante varios anos coas aportacións de representantes de diferentes sociedades, culturas e relixións, deu como resultado un texto normativo que integra 54 artigos.

A Convención dos Dereitos da Infancia recoñece a todas as persoas menores de 18 anos como individuos con dereito de pleno desenvolvemento físico, mental e social; e con dereito á libre expresión das súas opinións. Igualmente, a convención é un modelo para a saúde, a supervivencia e o progreso dos diferentes pobos ao longo dos diferentes territorios. Precisamente, porque pór en valor as vidas máis vulnerables contribúe de forma notable ao desenvolvemento das comunidades, redundando de forma positiva no benestar do conxunto da poboación.

Ao longo de todo o mundo, a convención empregouse para promover e protexer os dereitos da nenas, dos nenos e da adolescencia. E como primeira lei internacional sobre os dereitos das nenas e nenos, ten carácter obrigatorio para os Estados asinantes, como é o caso de España. Neste senso, cómpre destacar que é obriga do Estado español e das diferentes administracións públicas adoptar as medidas e accións necesarias para que os dereitos recoñecidos neste documento sexan efectivos e podan ser desfrutados polas nenas, polos nenos e adolescentes na súa vida cotiá.

Recentemente, España situouse na vangarda internacional en materia de protección e loita contra a violencia que sofre a poboación máis miúda. Así, a Lei 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, que introduce importantes cambios para protexer á infancia e á adolescencia en todos os ámbitos onde desenvolven a súa vida, tendo en consideración as distintas fases necesarias na loita contra a violencia: prevención, detección temperá, atención inmediata e recuperación. A lei 8/2021 aposta de forma ineludible pola prevención e ten un marcado carácter pedagóxico que

¹ En diante, referirémonos a este documento normativo como *Convención dos Dereitos da Infancia* coa finalidade de empregar unha linguaxe inclusiva e non sexista.

convida ás diferentes áreas de goberno a integrar os dereitos das nenas, dos nenos e da adolescencia na súa axenda política.

Ademais, a nivel estatal desenvolvéronse diferentes plans estratéxicos en materia de infancia e adolescencia, para dar cumprimento as directrices internacionais e compromisos asumidos polo goberno de España. O I Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia (2006 – 2009) e o II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia (2013 – 2016), que teñen como obxectivo fundamental avanzar ao máximo no cumprimento dos dereitos da infancia e da adolescencia en España.

Con esta idea no horizonte, o Concello de Cedeira asume a súa responsabilidade como axente promotor dos dereitos da poboación menor de 18 anos, impulsando o I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 e 2028) a nivel municipal. Este documento, na liña do establecido na Convención dos Dereitos da Infancia, considera ás nenas, os nenos e adolescentes como suxeitos activos de dereitos e responsabilidades. De aí que se optara por abrir un proceso participativo onde a rapazada tivo un papel protagonista na elaboración e proposta de medidas fundamentais para atender as súas necesidades e problemáticas, dando así cumprimento aos seus dereitos fundamentais.

Para garantir o compromiso e facilitar o seguimento do traballo realizado ao abeiro deste I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028), o Concello de Cedeira impulsa de forma paralela a constitución do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Cedeira (en diante CLIA de Cedeira) como órgano consultivo municipal que se vertebra como espazo de diálogo permanente entre o goberno municipal e as nenas, os nenos e a adolescencia cedeiresa.

2. PRINCIPIOS

Os principios que guían as diferentes liñas de traballo do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028) concrétanse da forma que segue:

- ◆ *RESPONSABILIDADE E COMPROMISO POLÍTICO*, cos dereitos da infancia e da adolescencia, para integralos de forma transversal no traballo impulsado polo goberno local do Concello de Cedeira.
- ◆ *PARTICIPACIÓN*, contando coas aportacións e ideas de diferentes axentes da comunidade e coa infancia e adolescencia como protagonistas.
- ◆ *IGUALDADE DE XÉNERO*, de forma transversal e garantindo a equidade entre os sexos en todas as fases do proceso.
- ◆ *PRINCIPIO DE PREVENCIÓN*, actuando de forma anticipada á ocorrencia dos problemas, e dando solución a aquelas situacións ou necesidades que o requiran.
- ◆ *CENTRALIDADE DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA*, como futuro da vila de Cedeira e garantindo as oportunidades para o seu desenvolvemento integral.
- ◆ *COORDINACIÓN*, a nivel da administración pública local e con outras entidades e niveis da administración pública para impulsar as medidas e accións contempladas neste documento.
- ◆ *AVALIACIÓN*, e seguimento do traballo realizado para ver o grao de consecución dos obxectivos marcados neste I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028).


3. METODOLOXÍA

O traballo de deseño deste I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028) do Concello de Cedeira partiu nun primeiro momento dunha diagnose de situación levada a cabo no último trimestre do ano 2022. Esta diagnose partiu dunha avaliación inicial participada que contou co protagonismo das nenas, dos nenos e da adolescencia cedeiresa, que aportaron as súas ideas a través de diferentes obradoiros levados a cabo no *Ceip Nicolás del Río* e no *IES Punta Candieira*.

Ademais, esta visión completouse coas aportacións realizadas en 2 meses de traballo por parte de representantes da comunidade educativa, do tecido asociativo local, así como de persoal político e técnico das diferentes áreas municipais do Concello de Cedeira.

Unha vez identificadas as principais necesidades e problemas que afectan ás nenas, aos nenos e á adolescencia de Cedeira, perfilouse a liña de traballo a seguir para culminar na aprobación do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028), deseñando un proceso participativo no que tomaron parte diferentes axentes a nivel municipal.

Figura 1: Axentes participantes no I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028)



Fonte: elaboración propia

O traballo de planificación levouse a cabo entre os meses de xaneiro e maio de 2023, partindo da cooperación e colaboración con diferentes áreas técnicas municipais e tomando en conta o traballo no marco dos orzamentos participativos desta anualidade. O obxectivo era dobre, por unha banda, preparar para á comunidade cedeiresa para a realización de achegas nesta fase de planificación, con especial protagonismo da poboación máis miúda; e por outra banda, informar á rapazada, ás familias e á comunidade educativa, de forma fundamental, sobre o futuro Consello Local de Infancia e Adolescencia . As ideas concretáronse nun calendario de traballo recollido de forma breve na Figura nº 2.

Figura nº2. Calendario de traballo do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028)



Fonte: elaboración propia

3.1. DIFUSIÓN DO PROCESO DE PLANIFICACIÓN

Para dar a coñecer o traballo de planificación do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028) deseñáronse cartas informativas que os equipos directivos do *Ceip Nicolás del Río* e do *IES Punta Candieira* dirixiron ás familias a través da plataforma Abalar. Nestas cartas explicábase o sentidos dos obradoiros que estaba previsto realizar co alumnado de cada un dos centros educativos, así como ofrecíase información sobre o futuro CLIA de Cedeira.

Así mesmo, enviáronse diferentes notas de prensa co seguinte impacto nos medios da comarca:

∴ [Voz de Galicia](#)

3.2. OBRADOIROS COAS NENAS, COS NENOS E ADOLESCENTES

Coa intención de recoller a opinión e as propostas das nenas, dos nenos e da adolescencia de Cedeira, coordináronse diferentes obradoiros de traballo nos centros educativos da vila coa seguinte participación de alumnado:

∴ *IES Punta Candieira*: alumnado de 2º e 3º da ESO, e alumnado de FP básica.

∴ *Ceip Nicolás del Río*: alumnado de 5º e 6º de primaria.

Os obradoiros tiveron lugar durante unha sesión de aula e definíronse dous momentos diferenciados de traballo:

∴ *MOMENTO 1*: Aportación de ideas e concreción de medidas para dar solución ás necesidades e problemáticas identificadas na diagnose.

∴ *MOMENTO 2*: Proposta e selección de candidaturas para representar a súa aula no CLIA de Cedeira, fixando un máximo de 3 representantes por aula participante. Nos diferentes grupos recolleamos as candidaturas das persoas interesadas en tomar parte no CLIA de Cedeira, e empregouse a ruleta como método aleatorio para definir as candidaturas, atendendo sempre ao cumprimento do principio de paridade por sexo.

3.3. MESAS DE TRABALLO CON AXENTES LOCAIS E PERSOAL POLÍTICO E TÉCNICO

Unha vez realizado o traballo nos centros educativos, e partindo das propostas realizadas polo alumnado, deseñamos fichas de traballo para mesas de coordinación a nivel político e técnico e tamén a nivel de comunidade educativa e tecido asociativo local.

Neste caso, a idea era revisar e validar as medidas propostas polas nenas, polos nenos e adolescentes, atendendo á realidade técnica e ás competencias municipais do Concello de Cedeira. Tratouse dun traballo de filtro para facilitar a selección de medidas e accións que integran este I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 - 2028).

4. PLANIFICACIÓN

4.1. OBXECTIVOS

O I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028) parte do obxectivo xeral de integrar os dereitos da infancia e da adolescencia na axenda de traballo municipal, e de forma específica, concrétase en 5 obxectivos operativos:

- ◆ Valorar e respectar a vida das nenas, dos nenos e da adolescencia.
- ◆ escoitar as opinións e propostas das nenas, dos nenos e da adolescencia para a mellora do goberno municipal.
- ◆ Ofrecer servizos e recursos esenciais para o benestar das nenas, dos nenos e da adolescencia.
- ◆ Garantir un entorno protector, seguro e limpo para a infancia e a adolescencia.
- ◆ Promover o xogo, a cultura e o deporte para o desenvolvemento integral das nenas, dos nenos e da adolescencia.

4.2. EIXOS DE TRABALLO

Cada un dos eixos de traballo responde a un obxectivo operativo e concrétase nun conxunto de medidas tendentes á súa consecución. Desta forma, podemos identificar os seguintes eixos de traballos:

- ∴ *Eixo 1. Dereitos da infancia e da adolescencia.*
- ∴ *Eixo 2. Participación da infancia e da adolescencia na vida municipal.*
- ∴ *Eixo 3. Servizos e recursos esenciais.*
- ∴ *Eixo 4. Entorno protector, seguro e limpo.*
- ∴ *Eixo 5. Xogo, cultura e deporte.*

A continuación presentamos cada un dos eixos de traballo coas correspondentes medidas propostas para os cinco anos de vixencia o I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028).

EIXO 1. DEREITOS DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA

OBXECTIVO OPERATIVO: VALORAR E RESPECTAR A VIDA DAS NENAS, DOS NENOS E DA ADOLESCENCIA

Acción 1.1.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Aprobación do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 - 2028) do Concello de Cedeira

0 - 500 €

2023

Servizos sociais

Acta do pleno municipal onde conste a aprobación; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 1.2.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Seguimento e avaliación do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 - 2028) do Concello de Cedeira

0 - 2.000€/ ano

2023 - 2028

Servizos sociais

Nº de reunións anuais e valoracións da Comisión de Seguimento Interno; nº de reunións anuais do CLIA; cumprimento da folla de rexistro de información por accións; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 1.3.

Medida continua

Orzamento aproximado

Dinamización de reunións da Comisión de Seguimento Interno do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 - 2028)

0 -250€/ ano

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Servizos sociais

Indicadores

Nº de reunións anuais; áreas técnicas con representación nas reunións; temáticas abordadas; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 1.4.

Medida continua

Orzamento aproximado

Información sobre a Convención dos Dereitos da Infancia e o I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 - 2028) na web oficial do Concello de Cedeira

0 €

Previsión temporal

2023 - 2026

Área coordinadora

Servizos sociais

Indicadores

Información colgada na web do Concello de Cedeira.

ODS
RELACIONADOS



ORZAMENTO PREVISTO PARA AS ACCIÓNS DO EIXO 1

∴ Previsión anual: 2250€

∴ Previsión para os 5 anos²: 11.750€

² Na previsión de orzamento para os 5 anos, inclúese a previsión económica anual derivada das accións continuas e o importe económico das accións puntuais.

EIXO 2. PARTICIPACIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA NA VIDA MUNICIPAL

OBXECTIVO OPERATIVO: ESCOITAR AS OPINIÓNS E PROPOSTAS DAS NENAS, DOS NENOS E DA ADOLESCENCIA PARA A MELLORA DO GOBERNO MUNICIPAL

Acción 2.1.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Aprobación do Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA) de Cedeira

0 - 1000 €

2023

Servizos sociais

Acta do pleno municipal onde conste a aprobación; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 2.2.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Difusión do Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA) de Cedeira na web oficial do Concello de Cedeira

0 €

2023

Servizos sociais

Información sobre o CLIA de Cedeira colgada na web do Concello de Cedeira.

ODS
RELACIONADOS



Acción 2.3.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Dinamización do traballo do CLIA de Cedeira

0 - 1.000€/ano

2023 - 2028

Servizos sociais

Nº de reunións do CLIA; temáticas abordadas nas sesións de traballo; nº de participantes por sexo e idade; valoración das nenas, dos nenos e adolescentes participantes; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 2.4.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Continuidade do Centro de Ocio Xuvenil de Cedeira

0 - 14.000€/ano

2023 - 2028

Cultura

Nº de participantes desagregado por sexo e idade; nº e temática de actividades organizadas no COX; nivel de satisfacción das persoas usuarias; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 2.5.

Medida continua

Orzamento aproximado

Xestión participada do Centro de Ocio Xuvenil de Cedeira

0 - 3600€/ ano

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Cultura

Indicadores

Nº de mesas de traballo realizadas; nº de participantes nas mesas de traballo por sexo e idade; acordos das mesas de traballo; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 2.6.

Medida continua

Orzamento aproximado

Apertura de participación a menores de 12 anos nos obradoiros organizados polo COX cando a temática sexa adaptada a estas idades

0€

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Cultura

Indicadores

Nº actividades organizadas; nº de participantes nas mesas de traballo por sexo e idade; acordos das mesas de traballo; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 2.7.	Continuidade do programa de Orzamentos Participativos con alumnado do IES Punta Candieira
<i>Medida continua</i>	
Orzamento aproximado	0 - 25.000 €/ ano
Previsión temporal	2023 - 2028
Área coordinadora	Servizos sociais
Indicadores	Alumnado participante desagregado por sexo e idade; propostas debatidas; propostas aprobadas en pleno municipal; orzamento investido.

ODS RELACIONADOS	 <p>5 IGUALDADE DE XÉNERO</p>	 <p>10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES</p>	 <p>17 ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS</p>
---------------------	--	---	--

ORZAMENTO PREVISTO PARA AS ACCIÓNS DO EIXO 2

∴ Previsión anual: 43.600€

∴ Previsión para os 5 anos: 219.000€

EIXO 3. RECURSOS E SERVIZOS ESENCIAIS

OBXECTIVO OPERATIVO: OFRECER SERVIZOS E RECURSOS ESENCIAIS PARA O BENESTAR DAS NENAS, DOS NENOS E DA ADOLESCENCIA

Acción 3.1.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Programa para a promoción da saúde mental dirixido á infancia e a adolescencia

0 -2.000€/ ano

2023 - 2028

Servizos sociais

Nº de persoas que se benefician do programa desagregado por sexo e idade; temáticas abordadas; valoración das persoas participantes; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 3.2.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Continuidade do Punto Lila nas festas da vila de Cedeira

0 - 100€/ ano

2023 - 2028

Servizos sociais

Festas locais que contan con Punto Lila; distribución de información sobre a violencia sexual; rexistro de persoas informadas ou atendidas; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 3.3.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Información sobre os recursos e servizos que existen a nivel municipal, provincial e autonómico en materia de prevención de violencia machista

0 - 500 €

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Servizos sociais

Indicadores

Distribución de documentos informativos sobre os recursos; colgar información oficial na web do Concello de Cedeira; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 3.4.

Medida continua

Orzamento aproximado

Organización de obradoiros sobre sexualidade dirixidos á adolescencia no IES Punta Candieira

0 - 1000€/ano

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Servizos sociais

Indicadores

Nº de persoas que se benefician do programa desagregado por sexo e idade; temáticas abordadas

ODS
RELACIONADOS



ORZAMENTO PREVISTO PARA AS ACCIÓNS DO EIXO 3

∴ Previsión anual: 3.100€

∴ Previsión para os 5 anos: 16.000€

EIXO 4. GARANTIR UN ENTORNO PROTECTOR, SEGURO E LIMPO

OBXECTIVO OPERATIVO: GARANTIR UN ENTORNO PROTECTOR, SEGURO E LIMPO PARA A INFANCIA E A ADOLESCENCIA

Acción 4.1.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Ampliación do horario de apertura do Centro de Ocio Xuvenil

0 - 5.000 €/ ano

2023 - 2028

Cultura

Nº de horas semanais de ampliación; rexistro de afluencia de participantes no novo horario por sexo e idade; valoración do impacto da medida na consolidación do COX; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.2.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Disposición gratuita de produtos menstruais no Centro de Ocio Xuvenil para as persoas usuarias

0 - 100€/ ano

2023 - 2028

Cultura

Nº e tipo de produtos menstruais dispensados; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.3.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Actualización do catálogo de xogos e videoxogos dispoñibles no Centro de Ocio Xuvenil

0 - 1500€/ ano

2023 - 2028

Cultura

Rexistro do material adquirido polo COX; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.4.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Continuar o proceso de ensanche das beirarrúas

0 - 65.000€/ano

2023 - 2028

Servizos sociais

Nº de rúas afectadas pola medidas; nº de m² de beirarrúa modificados.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.5.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Mantemento e coidado dos baños públicos situados en A Revolta – San Isidro

0 – 1000€/ano

2023 - 2028

Servizos sociais

Nº de quendas de limpeza establecidas; valoración do estado dos baños públicos; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.6.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Creación dun parque canino para xogo e recreación coas mascotas

0 – 26.000€

2023 - 2028

Obras

Parque canino creado

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.7.

Medida continuada

Orzamento aproximado

Mellora da limpeza no parque do Floreal

0 €

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Indicadores

Nº de intervencións dos servizos de limpeza realizadas

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.8.

Medida continua

Orzamento aproximado

Organización de xornadas de limpeza da praia varias veces no ano

0 - 100€/ ano

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Mediambiente

Indicadores

Nº de saídas para a limpeza de praias; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción das persoas participantes coa actividade; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.9.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Mantemento dos parques e xardíns da vila de Cedeira

0 - 1000€/ ano

2023 - 2028

Medioambiente

Nº de reparacións realizadas nos parques infantís; grao de mantemento dos xardíns; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.10.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Manter o control sobre as colonias de gatos que viven na rúa

0 - 12.000€/ano

2023 - 2028

Obras

Nº de intervencións realizadas; nº de animais identificados e tratados; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.11.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Organización de rutas en bicicleta para coñecer Cedeira dirixidas a todas as idades

0 - 1000 €/ ano

2023 - 2028

Deportes

Nº de rutas organizadas; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción das persoas participantes; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.12.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Creación de murais por parte das nenas, dos nenos e adolescentes en muros deteriorados da vila de Cedeira

0 - 5000 €

2023 - 2028

Cultura

Nº de intervencións realizadas; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción das participantes; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.13.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Aumento dos contedores do lixo destinado á reciclaxe de vidro, cartón e papel, e aceites sobre todo nas parroquias

0 - 5000 €

A partir de 2026

Cultura

Nº de contedores aumentados; lugares onde se emprazan; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 4.14.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Organización dunha campaña de sensibilización sobre a violencia sexual no espazo público

0 - 3000 €

2023 - 2028

Servizos sociais

Impacto da campaña nos medios de comunicación e redes sociais; accións contempladas no marco da campaña e persoas participantes por sexo e idade; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



ORZAMENTO PREVISTO PARA AS ACCIÓNS DO EIXO 4

∴ Previsión anual: 86.700€

∴ Previsión para os 5 anos: 459.500€

EIXO 5. XOGO, CULTURA E DEPORTE

OBXECTIVO OPERATIVO: PROMOVER O XOGO, A CULTURA E O DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DAS NENAS, DOS NENOS E DA ADOLESCENCIA

Acción 5.1.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Instalación dun merendeiro preto do parte de San Isidro

0 - 15.000 €

2023 - 2028

Medioambiente

Merendeiro creado

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.2.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Dinamización dos parques da vila de Cedeira con actividades culturais e deportivas de rúa varias veces no ano

0 - 7500€/ ano

2023 - 2028

Cultura

Nº de actividades culturais organizadas nos parques; nº de actividades deportivas organizadas nos parques; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción das persoas participantes; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.3.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Renovación e ampliación dos elementos de xogo dos diferentes parques

0 - 20.000€

2023 - 2028

Cultura

Intervencións de renovación realizadas nos parques; elementos de xogo integrados; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.4.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Apertura das pistas do Ceip Nicolás del Río durante os períodos non lectivos, fundamentalmente o verán

0 €

2023 - 2028

Servizos sociais

Grado de satisfacción coa medida

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.5.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Instalación dunha pista multideporte na vila de Cedeira

0 - 70.000 €

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Deportes

Indicadores

Pista multideporte creada

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.6.

Medida continua

Orzamento aproximado

Organización da actividade de "autocine" no verán

0 - 2500€/ano

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Cultura

Indicadores

Nº de sesións de autocine organizadas; rexistro de participantes desagregados por sexo e idade; grao de satisfacción coa actividade; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.7.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Ampliación e mellora do catálogo de libros e películas dirixidos á adolescencia

0 - 1000€/ ano

2023 - 2028

Cultura

Rexistro de novos exemplares de libros incorporados ao catálogo da biblioteca; rexistro de novos exemplares de películas incorporados ao catálogo da biblioteca; nº de peticións atendidas; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.8.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Programación de cine no auditorio da vila de Cedeira varias veces no ano

0 - 600€/ano

2023 - 2028

Cultura

Nº de sesións de cine programadas; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción coa actividade; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.9.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Adaptación do espazos cedidos ás entidades culturais para a organización da escola de música da vila de Cedeira

0 €

2023 - 2028

Cultura

Adaptación dos espazos realizada

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.10.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Promoción da creación de clubs de arte

0 €

2023 - 2028

Cultura

Nº de clubs de arte creados

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.11.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Organización de xogos para estudar en grupo e mellorar o inglés

0 - 1000€

2023 - 2028

Cultura

Nº de actividades organizadas; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción coa actividade; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.12.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Organización de actividades de clown na rúa e no auditorio

0 - 1000€

2023 - 2028

Cultura

Nº de actividades organizadas; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción coa actividade; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.13.

Medida continua

Orzamento aproximado

Consulta co CLIA de Cedeira a oferta cultural e deportiva no inicio do curso escolar

0 €

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Cultura

Indicadores

Nº de reunións de coordinación mantidas; rexistro de participantes por sexo e idade; rexistro de demandas realizadas; nº de demandas atendidas; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.14.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Organización de torneos deportivos

0 - 1000€

Previsión temporal

2023 - 2028

Área coordinadora

Cultura

Indicadores

Nº de torneos organizados; práctica deportiva que implican; rexistro de participantes por sexo e idade; grao de satisfacción das persoas participantes; orzamento investido.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.15.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Colocación de pechaduras nos baños do polideportivo

0 €

2023 - 2028

Deportes

Pechaduras colgadas

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.16.

Medida continua

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Publicidade dos clubs deportivos de Cedeira na pantalla de información municipal

0 €

2023 - 2028

Cultura

Nº de clubs que comparten a información.

ODS
RELACIONADOS



Acción 5.17.

Medida puntual

Orzamento aproximado

Previsión temporal

Área coordinadora

Indicadores

Incorporación dun tapiz no ximnasio para poder practica ximnasia rítmica

0 - 5000 €

2023 - 2028

Deportes

Tapiz incorporado

ODS
RELACIONADOS



ORZAMENTO PREVISTO PARA AS ACCIÓNS DO EIXO 5

∴ Previsión anual: 11.600€

∴ Previsión para os 5 anos: 170.000€

5. AVALIACIÓN

Os obxectivos de traballo contemplados no marco do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028), estarán sometidos a un proceso de seguimento e avaliación continuado. Para isto, establécese un sistema de indicadores e unha ferramenta de rexistro de información para cada unha das accións que será compartida coas diferentes áreas técnicas e concellaría implicadas.

En todo momento, búscase combinar datos cuantitativos e outras valoracións de corte cualitativo que permitan unha mellor comprensión dos resultados obtidos en cada caso. Deste xeito, contéplase a creación dunha Comisión de Seguimento Interno do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023- 2028).

Así mesmo, a protagonismo da infancia e adolescencia que caracteriza a este plan tamén terá a súa materialización no seguimento e avaliación coa realización de reunións semestrais do Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA) de Cedeira. Nestes espazos de participación as nenas, os nenos e adolescentes terán a posibilidade de trasladar ao goberno municipal as súas valoracións sobre o grao de cumprimento do I Plan de Infancia e Adolescencia (2023 – 2028), así como achegar propostas para o seu correcto desenvolvemento e aplicación.